

Funciona o horóscopo de nacemento?

Eu son saxitario, e ti? Os saxitarios somos extravertidos, amables e xenerosos. Curioso que os horóscopos case nunca dan unha mala cualidade de partida. Realmente podemos confiar nos horóscopos?



1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.

Segundo algunhas persoas sabendo o día e a hora de nacemento, pódense saber trazos da miña personalidade e do meu futuro. Hai algunha relación entre ambos

2. Buscamos información.

Hai algún estudo sobre o tema? Existe algún motivo polo que a data de nacemento determine a miña personalidade?

3. Propoñemos unha hipótese de traballo.

Agora xa podemos propor unha hipótese de traballo, unha posible resposta á pregunta inicial.

4. Realizamos un deseño de investigación.

Temos moitas opcións para facer este proxecto. Podemos facer un test de personalidade para un grupo de persoas (todos os alumnos de primeiro, ou de segundo, ou todo o instituto se nos atrevemos) no que inclúa a súa data de nacemento.

Unha vez baleirados os datos da enquisa, agrupamos os resultados por grupo de zodíaco e vemos se todos os do mesmo signo teñen a mesma personalidade.

É importante que traballemos co máximo de datos posible para que o noso resultado sexa máis completo. A cantidade de datos recollidos obriga a ser moi coidadosos co tratamento destes. A mellor forma de facelo é empregar unha folla de cálculo no que introduzamos todos os datos a tratar.

5. Resultados da nosa investigación.

Analizaremos os datos para confirmar ou non a nosa hipótese de traballo.

6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (Tes máis información no apartado do método experimental)

7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.